

### **Silvia Rodríguez critica que o alcalde de Portomarín invista nun “lavado de cara” do municipio deixando de lado os verdadeiros problemas**

A concelleira destaca que “é moito máis necesario realizar labores de mantemento nos xardíns municipais, sobre todo nos de entrada á vila, que é a primeira imaxe coa que se atopan os peregrinos e turistas”. Ademais, engade, “é necesario mellorar a recollida de lixo e arranxar fugas de auga que se deixan durante meses e incluso anos”

“O alcalde non está a poñer solución a uns problemas para os que non hai que investir unha gran cantidade de cartos, o único que está a facer é un lavado de cara da vila antes das municipais co diñeiro de todos os portomarínenses buscando un rédito electoral”

**PORTOMARÍN, 28 DE ABRIL DE 2015.-** A voceira do PSOE de Portomarín, Silvia Rodríguez, criticou esta mañá que o alcalde da vila promova unha campaña de “lavado de cara” do municipio “investindo na colocación non urxente de mobiliario urbano cando se da ás costas aos verdadeiros problemas do municipio”.

Para a voceira socialista, hai asuntos moito máis preocupantes que degradan a imaxe de Portomarín ante os visitantes da vila. Neste senso, a concelleira destaca que “é moito máis necesario realizar labores de mantemento nos xardíns municipais, sobre todo nos de entrada á vila, que é a primeira imaxe coa que se atopan os peregrinos e turistas”. Ademais, engade, “é necesario mellorar a recollida de lixo e arranxar fugas de auga que se deixan durante meses e incluso anos”.

Segundo explica Rodríguez, “o alcalde non está a poñer solución a uns problemas para os que non hai que investir unha gran cantidade de cartos, o único que está a facer é un lavado de cara da vila antes das municipais co diñeiro de todos os portomarínenses buscando un rédito electoral”.

#### **Falla de interese do alcalde**

Outra mostra máis do esgotamento, abandono e falla de interese do alcalde e do goberno do PP é que tardasen case 20 días en retirar a carpa da Festa da Augardente instalada na Praza Conde de Fenosa. “Estes feitos veñen a probar que non lle interesa nin o máis mínimo a imaxe que se está a dar do municipio”, indica a socialista, “xa que estivo ocupando a metade da praza nun momento no que a afluencia turística ao municipio está en auxe polos visitantes do Camiño de Santiago”. “Estivemos a dar unha imaxe un pouco penosa, xa que diante da igrexa que, é un exemplo do Románico e un dos puntos máis representativos de Portomarín, se atopaban con esta instalación”, indicou.